Madrygal. Revista de Estudios Gallegos
ISSN: 1138-9664

EDICIONES COMPLUTENSE

https://dx.doi.org/10.5209/madr.108919

ESCENAS FINAIS. As raposas veñen na noite[1]

Raquel Castro[2]

I

Somos galiñas

Ilumínase a escena. Xosé e María, en cadansúa cadeira, son os únicos habitantes do escenario.

Xosé érguese, fala de pé, movéndose lentamente. María fala sentada, cunha voz apurada, aguda, que non aparenta a avanzada idade que ten.

MARÍA: Tiña que estar xa aquí.

XOSÉ: Hoxe non podía vir ata a noite.

MARÍA: Iso é o que eles din. Moito traballo, moito traballo!

XOSÉ: Non sexas desconfiada, son teus fillos.

MARÍA: Os fillos que eu criei e, agora, mira.

XOSÉ: Mira, que?

MARÍA: Mira como nos tratan.

XOSÉ: Trátannos ben, non nos falta de nada.

MARÍA: Fáltannos eles.

XOSÉ: Sabemos que están aí, para o que faga falta.

MARÍA: Para enterrarnos.

XOSÉ: Non fales así, non é xusto.

MARÍA: O que non é xusto é o traballiño que pasei en crialos e que agora non me atendan cando os preciso.

XOSÉ: Eu tamén os criei.

MARÍA: Non é o mesmo.

XOSÉ: Queres dicir que ti criáchelos máis ca min?

MARÍA: Ti estabas fóra todo o día.

XOSÉ: Eu traballaba para poder crialos sen que lles faltase de nada. Sen que vos faltase de nada.

MARÍA: Queres dicir que eu non traballei?

XOSÉ: Cada un fixo o seu. Isto non é unha competición.

MARÍA: E agora mira como nolo pagan.

XOSÉ: Non hai nada que pagar. Non se trata diso.

MARÍA: Trata, si!

XOSÉ: Os pais crían os fillos, porque queren, porque lles queren.

MARÍA: E os fillos atenden os pais, cando son vellos. Sempre foi así. É lei de vida: os fillos deben valer polos seus pais, cando menos polas nais, que lles deron a teta.

XOSÉ: Iso era antes, agora as cousas cambiaron.

MARÍA: As cousas non cambian: nacemos, temos fillos coma parvas e morremos abandonadas.

XOSÉ: Que consegues coméndote a cabeza deste xeito?

---

[1] Peza estreada nas Xornadas de Teatro de Alxén (Salvaterra de Miño) polo grupo de teatro ATA SEMPRE de Alxén.
[2] https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/raquel-castro; https://gl.wikipedia.org/wiki/RaquelCastro.

MARÍA: A cabeza coméroncha a ti! Non, se labia teñen abondo, para iso lles pagamos a carreira.

XOSÉ: E tanto gasto, queres que o boten polo chan? Se estudaron, agora terán que traballar.

MARÍA: Cerraches as galiñas?

XOSÉ: Xa non temos galiñas, María.

MARÍA: As pitas novas non poden quedar fóra.

XOSÉ: Cerrei as galiñas.

MARÍA: Non entendo por que non vén.

XOSÉ: Ha estar a chegar. Rosa ten moito choio estes días.

MARÍA: Rosa? Non lle toca hoxe a Filipe?

XOSÉ: Filipe veu onte, hoxe tócalle a Rosa.

MARÍA: Prepáralle unha bolsa con ovos, que nós non damos comido tantos. Os ovos son malos para o colesterol.

XOSÉ: E non sería mellor vender as galiñas?

MARÍA: E que traballo che dan un par de pitas? Catro verzas que comen, iso non é traballo.

XOSÉ: Hai que plantar verzas todo o ano.

MARÍA: Non hai planta máis agradecida, non coma outros.

XOSÉ: Que nos tiñan que agradecer?

MARÍA: O que fixemos por eles.

XOSÉ: O amor non se paga, o amor regálase sen pedir que cho devolvan.

MARÍA: O amor, o carallo!

XOSÉ: Vou cerrar as galiñas.

MARÍA: Fállache a memoria, dixéchesme que xa as cerraras.

XOSÉ: Si, María, xa me falla a memoria, por iso creo que os rapaces teñen razón.

MARÍA: Que razón? Non me fales do que penso que me vas falar.

XOSÉ: Onde estariamos mellor atendidos?

MARÍA: (***Pon as mans nas orellas e canta***) Non te escoito, non te escoito, non te escoito!

XOSÉ: Vou pechar as galiñas. (***Fai por irse***)

MARÍA: Onde vas que é noite?

XOSÉ: Que máis che dá, se non me escoitas.

MARÍA: Vente, deixa as galiñas, que as coma a raposa.

XOSÉ: Xa non hai raposas, María, nin martarañas, nin can teñen os veciños.

MARÍA: Non temos veciños.

XOSÉ: Hai tempo.

MARÍA: Por iso eles deberían estar aquí canda nós, ninguén debería vivir só.

XOSÉ: Vivimos sós porque queremos, María.

MARÍA: Porque eles queren. Teñen a obriga de estar aquí, canda nós.

XOSÉ: Mirar que esteamos atendidos, esa é a súa obriga, non que nos atendan eles.

MARÍA: Foi a Rosa, non si?

XOSÉ: Foi a Rosa, o que?

MARÍA: Foi a Rosa a que che comeu a cabeza.

XOSÉ: Fun eu, son eu, o que me como a cabeza todos os días.

MARÍA: A casa tocoulle a Rosa, ten que atendernos. Eu atendín a meus pais, tamén.

XOSÉ: Ti non traballabas.

MARÍA: Sobrouche tempo para dicirmo, sempre pensaches que eu non traballaba.

XOSÉ: Ti non traballabas fóra da casa, quero dicir.

MARÍA: O traballo da casa non é traballo para ti.

XOSÉ: Teus pais e a casa eran a mesma cousa. Ti, teus pais e a casa erades a mesma cousa.

MARÍA: Atender a dous pais impedidos e dous cativos non é traballo, iso é folgar.

XOSÉ: Entendes o que queres. Non é o mesmo traballar na casa que fóra.

MARÍA: Tamén iso che proe? Que quedara na casa era a miña obriga.

XOSÉ: Esta casa cáeme enriba, é hora de cambiar e deixala, de fuxir.

MARÍA: Vaite ti! Xa buscarei eu quen me atenda a min e cerre as galiñas.

XOSÉ: Hai tempo que non temos galiñas, os ovos que comes son de granxa.

MARÍA: Non vou ao asilo, non quero. Traballei moito, para que me pechen.

XOSÉ: Como as galiñas, toda a vida facendo produción en cadea e, logo, pechadiñas no poleiro.

MARÍA: Eu non son unha galiña.

XOSÉ: Eu nunca fun o galo deste galiñeiro.

Escurécese a escena.

De entre o público sae Rosa. Apurada, anda na punta dos pés, como para non facer barullo. Soa un teléfono. Rosa colle o móbil do peto de atrás do vaqueiro.

.....:

ROSA: Si, Rosa Sueiro, quen é?

..... :

ROSA: Ola, señor Xermán. Non, xa non estou na oficina.

.....:

ROSA: Paso en media hora e xa lle reenvío o contrato. Non hai problema.

..... :

ROSA: Abur. (***Colga a chamada e garda o móbil. Dáse a volta e axita as mans***) Churras, churras, churras! (***Móvese pola escena, perseguindo galiñas***) Veña, para dentro, ao poleiro!

Xosé e María móvense pola escena como galiñas.

ROSA: Churras, churras, veña que teño présa! (***Dá a volta, cando conclúe a faena, e marcha por onde veu. Apurada, cos pés no aire***)

Acéndese a escena.

MARÍA: Son unha galiña.

XOSÉ: Somos galiñas con ás de papel e corpo de chumbo.

MARÍA: As galiñas hai que pechalas pola noite.

XOSÉ: Pola noite vén a raposa comer as galiñas.

MARÍA: A raposa non se sinte.

XOSÉ: A raposa vén, silandeira, e deixa o galiñeiro baleiro.

A escena queda sen luz.

II

Esperando o autobús

Diante dunha xanela, María semella esperar algo. Tranquila, non ten présa.

Entra Lucía, viste camisola e pantalón branco, sandalias verdes.

LUCÍA: Boa tarde, María! Que tal hoxe?

María non contesta, Lucía segue falando, mentres arranxa a habitación de María.

LUCÍA: Vai un día do demo hoxe: chuvia, vento... Días así é mellor non saír da casa, custoume vir traballar.

Párase ao lado de María e contempla a xanela canda ela.

LUCÍA: Xa case parece noite e aínda son as catro da tarde.

MARÍA: Noite ou día, tanto ten.

LUCÍA: Está contenta vostede hoxe, así me gusta, alegría que rima con día!

MARÍA: Tes unhas ganas de leria! Se fixeses o teu traballo sen falar.

LUCÍA: Eu tamén o penso, ás veces, pero só ás veces: *Lucía, cala a boquiña que está máis guapiña*. Pero non sei que me pasa, que non podo evitalo e falo, falo, falo...

MARÍA: Falar por falar é como falar do tempo, por encher o burato do silencio que non a todo o mundo lle presta.

LUCÍA: A min non, abofé! É peor ca o burato da fame.

MARÍA: A min pasábame o mesmo, non te culpo, mais agora aprendín a calar.

LUCÍA: Por que?

MARÍA: Porque falar non serve de nada.

LUCÍA: E logo? Se falar non servise de nada, xa habería tempo que todas habiamos estar mudas, non cre?

MARÍA: E moito mellor que nos iría.

LUCÍA: Non diga iso! Falando pásase mellor o tempo.

MARÍA: Falando dinse parvadas.

LUCÍA: As parvadas son as que se gardan no peito.

MARÍA: (Es)tás unha filósofa feita hoxe!

LUCÍA: (***Póndose ao seu carón***) Que miras con tanta atención?

MARÍA: Espero o autobús.

LUCÍA: E, logo, vas de paseo?

MARÍA: Espero a Filipe.

LUCÍA: Hoxe toca visita, entón.

MARÍA: Vén Filipe.

LUCÍA: É o seu preferido, o Filipe.

MARÍA: É o fillo que teño.

LUCÍA: Non sexa rancorosa, María, que se ha de arrepentir.

MARÍA: Métete na túa vida e déixame en paz.

LUCÍA: Non se me poña así, que eu só quero que vostede estea ben.

MARÍA: Estaba ben ata que chegaches.

LUCÍA: Claro que si, esperando o autobús.

MARÍA: Non quero desgustarme. Hoxe vén Filipe e estou contenta.

LUCÍA: É como para botar foguetes, dende logo, porque moito non é que veña.

MARÍA: Vén o que pode, ten unha vida que atender e non pode vir todos os días.

LUCÍA: Rosa si que viña todos os días.

MARÍA: Non sei quen é Rosa.

LUCÍA: Non se faga a parva comigo.

MARÍA: Non hai rosas na miña vida, só quedaron as espiñas.

LUCÍA: Rosa, a súa filla, non faltaba un día.

MARÍA: Mentres viviu o pai, que era coma ela.

LUCÍA: Por que non queres vela?

MARÍA: Porque me meteu aquí.

LUCÍA: Non podía facer doutro xeito.

MARÍA: Podía, podía, pero non quixo.

LUCÍA: Non diga iso, ela tamén ten a súa vida como Filipe.

MARÍA: Non me compares, ela ten unha casa grande onde eu podería vivir nun recuncho, sen facerme notar, coma un gato, coma un can.

LUCÍA: Non podía atendelos, foi o mellor.

MARÍA: Seu pai non tardou un mes en marchar, estívolle ben por deixarse convencer. Ás veces penso que era o que quería, marchar da casa para morrer.

LUCÍA: Como os elefantes.

MARÍA: Que dis dos elefantes?

LUCÍA: Seica os elefantes deixan a manda para ir lonxe, a morrer sós.

MARÍA: Pois iso fixo Xosé, veu lonxe a morrer coma un elefante.

LUCÍA: Xosé estaba ben aquí. Foi un accidente que caese polas escaleiras, mala sorte.

MARÍA: Mala sorte a del? Mala sorte a miña que quedei soa, neste cemiterio de elefantes esperando a hora.

LUCÍA: Esperando o autobús.

MARÍA: Esperando o autobús.

LUCÍA: Imos dar un paseo?

MARÍA: Non podo, non che digo que estou esperando o autobús?

LUCÍA: Espéreo abaixo, mentres merenda e fala cos demais.

MARÍA: Xa che dixen que non me gusta falar.

LUCÍA: Pasaráselle mellor o tempo de espera.

MARÍA: O tempo pasa igual aquí que abaixo, rodeada de estraños.

LUCÍA: Non serían estraños se fixese por coñecelos.

MARÍA: Xa son vella demais para coñecer a xente.

LUCÍA: Vaia xogar un bingo, unha brisca...

MARÍA: Nunca me gustaron os xogos de mesa.

LUCÍA: E que lle gustaba a vostede, entón?

MARÍA: Traballar a miña horta, plantar tomates, pementos, verzas...

LUCÍA: Iso xa pasou, xa traballou abondo. Agora pense que está de vacacións nun balneario. A gozar da vida!

MARÍA: Nunca fun de vacacións.

LUCÍA: Non mo podo crer. Nin sequera cando casou?

MARÍA: Fomos pasar unha noite a Vigo e ao día seguinte xa viñemos.

LUCÍA: Nunca saíu da casa?

MARÍA: Saín, claro que saín, que pensas? Aos milagres de Amil, á praia das Catedrais, á catedral de Santiago. Galicia vina de pé a pa e medio Portugal, tamén.

LUCÍA: Foi ao estranxeiro e todo!

MARÍA: A Fátima fomos, unha explanada de moito coidado sen árbore ningunha.

LUCÍA: Mesmo así, unha semaniña de desconexión na praia, na montaña, non sei...

MARÍA: Falas sen saber, xa cho dixen, falas barato. Daquela non podía deixar os pais sós, logo naceron os rapaces, logo foron estudar e facían falta os cartos, logo xa...

LUCÍA: Logo que?

MARÍA: Xa non me ían as pernas, xa perdera as ganas de ir a ningures, xa estaba todo feito.

LUCÍA: Cando veña Filipe, heille dicir que a saque, que a leve uns días aínda que só sexa a carón do mar.

MARÍA: Quen me miraría, agora de vella, paseando pola praia.

LUCÍA: Vella é a roupa.

MARÍA: É noite xa, agora no inverno escurece enseguida. Vaime ti mirar se gardei as galiñas, que non me acordo.

LUCÍA: As galiñas?

MARÍA: Si, muller, pareces parva, as galiñas non poden quedar de noite fóra.

LUCÍA: Vou, María, non se preocupe que eu teño conta delas.

Lucía vaise. María contempla a ventá escura que reflicte a noite.

Entra unha muller con tacóns de agulla e batín a raias de cebra, achégase a María.

MULLER: Ola, María, imos?

MARÍA: (***Érguese da cadeira con determinación***) Onde imos?

MULLER: A coller o autobús, María, que Filipe non puido vir e mandou que a viñese buscar.

MARÍA: O Filipe sempre foi o mellor, está a esperar por min?

MULLER: Si, María, está desexando vela.

María, collida do brazo da muller, sae da habitación.

A noite abre a ventá e invade toda a instancia.

III

A muller do batín a raias

Unha muller loura, cun batín de cebra e uns zapatos de tacón le unha revista sentada nun sofá. Entra un home secando o cabelo cunha toalla que lle tira á muller de mala gana.

EL: Estás preparada?

ELA: Eu sempre, non me ves?

EL: (***Despectivo***) Estás ideal, si, xa vexo.

ELA: (***Érguese dando unha volta***) Que é o que non che gusta?

EL: Non quero poñerme agora a enumerar, pero, por exemplo, ese batín de cebra asiática que levas.

ELA: As cebras son africanas.

EL: Por que teñen que ser africanas?

ELA: Porque non hai cebras en Asia.

EL: Pois ese batín semella de cebra asiática.

ELA: O que ti digas.

EL: Podes quitalo?

ELA: Non che parece axeitado?

EL: Non me fagas falar. Cámbiate que xa chegamos tarde, por favor.

ELA: Eu non quero chegar.

EL: O que?

ELA: O que oíches: non quero chegar.

EL: Non hai cousa que máis me amole que chegar tarde, xa o sabes.

ELA: Vaite, xa estás tardando.

EL: Vou sen ti?

ELA: Sabes o camiño, non?

EL: Está ben. Volvemos comezar, igual é que non fun demasiado claro ou fun claro en exceso.

Colle a toalla, sae e volve entrar.

EL: (***Nervioso e cínico a un tempo***) Querida, podes arranxarte dunha vez?

ELA: Ese é o ton, claro que si, moito máis amable, onde vai parar.

EL: Non podo con isto. Vou fumar, espérote no coche.

ELA: Non me esperes.

EL: Outra vez a vaca ao millo.

ELA: Que quixeches dicir?

EL: Que vou querer dicir? Que xa estamos outra vez.

ELA: Estamos?

EL: Estás, estou, estamos e estasme poñendo nervioso, por favor, quita iso e imos.

ELA: Se o quito vou espida, ti elixes: o batín de raias de cebra asiática ou corpo sen batín.

EL: Non tes o que hai que ter para aparecer núa.

ELA: (***Érguese***) Cando queiras, hai tempo que perdín a vergoña. (***Fai o amago de marchar***)

EL: (***Deténdoa***) Para!

ELA: Agora es ti o que non ten présa.

EL: Imos ver, tes que entender que non es, precisamente, como eu esperaba.

ELA: Esperabas que fose morena, quizais?

EL: Non é iso, pero si, esperaba que foses morena ou mesmo que tiveses o pelo branco.

ELA: É louro natural.

EL: (***Despectivo***) Xa!

ELA: Non me cres?

EL: Cos teus anos, moi natural non creo que sexa.

ELA: Non sexas maleducado, é tinguido, vale, e que pasa?

EL: Nada, cada un que faga o que queira.

ELA: Pois iso, o importante é que cada un faga o que queira ou tes algo en contra das que nos tinguimos?

EL: Quen, eu? A min que máis me ten, por min como se levas o pelo azul.

ELA: Como o can.

EL: Que can?

ELA: Aquel can da canción, non te lembras?

EL: A da punk?

ELA: Ese! Como era a canción, lembras? (***Comeza a cantaruxar a peza "Soy una punk" de Aerolíneas Federales***)

EL: O que me faltaba, agora poñémonos nostálxicos.

ELA: É bo lembrar o pasado.

EL: Non vale de nada, hai que vivir o presente.

ELA: Para ter un futuro, non?

EL: Déixame! Non me comas a cabeza. Vístete e sae. Espérote fóra, estou afogando aquí.

ELA: Non vou ir a ningures.

EL: Non me fagas perder o tempo, sabes que isto é un compromiso ineludible.

ELA: Para ti, eu compromisos destes teño todos os días.

EL: Non entendo nada. Fun eu quen te chamou, non?

ELA: Non sei que présa che deu. Es o primeiro que ten tanta présa, normalmente son eu a que teño que meter présa.

EL: Esta situación é nova para min, enténdeo.

ELA: Para min é vella.

EL: Cando teño algo que facer, teño que facelo xa.

ELA: Ese foi sempre o teu problema, sempre a mil.

EL: E que máis ten iso agora?

ELA: Por unha vez fai as cousas amodo, con tino.

EL: Demasiado tarde para comezar, non cres?

ELA: Nunca é tarde.

EL: Imos fóra, por favor.

ELA: Que desconsiderado, fasme vir ata aquí e nin sequera convidas a unha copa.

EL: Unha copa? Estás de broma! Que celebramos?

ELA: O noso encontro.

EL: Non creo que sexa unha cousa para celebrar.

ELA: Penso que si.

EL: Xa o celebrarán cando eu non estea.

ELA: Non sexas melodramático e saca unha copa.

EL: Que non!

ELA: Licor café, non tes?

EL: O que me faltaba, aínda por enriba con peticións.

ELA: Non pensarías darme unha copa de auga.

EL: Sería o máis indicado estando de servizo, non cres?

ELA: Hai moito que non bebo e a ti viríache ben. Véxote moi tenso.

EL: Moi tenso? Como para non estalo.

ELA: (***Senta***) Acouga, Filipe, senta e bebe un grolo devagar. Sempre che gustou o licor café.

EL: (***Senta***) Pero agora non quero. Son as oito da mañá, non me vai o alcol tan cedo.

ELA: Creo que che axudaría a dar o paso. (***Tocándolle a perna***)

EL: E dálle! Que non e, por favor, ergue o cu desa cadeira e imos.

ELA: A verdade é que tes unha casa ben confortábel. Estase moi ben aquí. (***Saca os tacóns***)

EL: André estará a chegar, non quero que...

ELA: ...que nos pille?

EL: Si, que nos pille. Non o merece.

ELA: Tarde piaches, iso tiñas que telo pensado antes.

EL: Agora a culpa é miña.

ELA: Vai ser miña, mira que eu aquí son unha mandada.

EL: Unha mandada moi mal mandada. Imos.

ELA: Agora que acabo de sacar os tacóns, nin pensalo.

EL: Pídocho, por favor, pola miña vida.

ELA: (***Ri***) Ti escóitaste?

EL: (***Vai apurado a servirse un grolo de licor café***) Está ben, de mortos ao río.

ELA: Moi ben acaído o refrán ese, si señor, sentido do humor nunca che faltou. Ven, senta.

EL: (***Senta***) Se non fose porque te coñezo, pensaría que queres learma aquí no meu sofá.

ELA: Non es o primeiro que o pensa.

EL: A verdade é que o batín de cebra engana moito.

ELA: Pilleino nas rebaixas e pareceume ideal.

EL: Depende para que. Eu con iso non saio á rúa contigo.

ELA: Pois entón é ideal, conseguín o que quería: non saír á rúa.

EL: Non pode ser, teño que coller o coche e ti debes acompañarme. Non pensarás quedar aquí sen min.

ELA: Estou moi cómoda xa cho dixen.

EL: E eu xa che dixen que teño que coller o coche.

ELA: Bebe outro grolo.

EL: Quererás emborracharme?

ELA: Serás ti o que queres emborracharte, porque a min non me serviches unha copa e ti xa levas dúas.

EL: (***Erguéndose e servindo 2 copas***) Toma, licor café da casa, feito por miña nai, era unha alquimista, malpocada.

ELA: Túa nai, terei que visitala un día destes.

EL: Nin se che ocorra!

ELA: É unha gran muller, hai tempo que teño ganas de facerlle unha visita, vai ser un pracer coñecela.

EL: Merda! Dígoche que non!

ELA: Iso non es quen de decidilo ou pensas que todos andan chamando por min como fixeches ti?

EL: Deixa en paz a miña familia. Non tes bastante comigo?

ELA: Por unha tempada pode ser. (***Dálle un grolo ao licor café***) Está ben bo, abofé! Trae para acá a botella.

A medida que van baleirando a botella falan en peores condicións e rin de seu.

EL: Un brinde!

ELA: Por que se brinda?

EL: Pola vida!

ELA: Pola morte!

EL: Que agonías!

ELA: Foi falar!

Brindan e engolen a copa.

EL: E hai moito que traballas nisto?

ELA: Xa teño anos cotizados, si.

EL: Non sabía que cotizabades.

ELA: Como para andar por aí sen un seguro co arriscada que é a miña profesión.

EL: Que che podería pasar?

ELA: Hai moito desalmado por aí solto, sabes?

EL: Imaxino. Eu, ás veces, tamén son un animaliño, por iso...

ELA: Por iso non! Vaste porque queres, non te vas por iso.

EL: Está decidido.

ELA: Xa o sei, non me gusta que me fagan perder o tempo.

EL: Imos logo?

ELA: Aínda non acabamos a botella.

EL: Cres que é necesario?

ELA: Dálle, que fóra vai frío.

EL: A verdade é que non imaxinaba que o noso encontro fose así.

ELA: Así como?

EL: Ti con batín de cebra e eu bebendo licor café.

ELA: Pois si que a tomaches co meu batín. Como esperabas que viñese, logo?

EL: Non sei, tiña outra imaxe máis...

ELA: Xa vexo, es dos que teñen a cabeza chea de tópicos. Esperabas que viñese de negro?

EL: Si.

ELA: Con túnica e carapucha?

EL: Si.

ELA: E unha gadaña, claro, unha gadaña de cortar a herba?

EL: Si, como a que tiña meu pai.

ELA: Vaia imaxe! Eu que intento poñerme en situación, que mo curro, rapaz, que mo curro e vas ti e queres que retrocedamos ata a Idade Media.

EL: Síntoo, pero é que estou aquí contigo tomando licor café, sentados no sofá, ti de batín e eu...

ELA: (***Érguese***) Xa está ben! Ata aquí poderiamos chegar, estou farta da xente coma ti, chea de prexuízos.

EL: (***Érguese tamén***) Non me negarás que a gadaña impón?

ELA: A gadaña impón e o batín non, pois a min paréceme impoñente.

EL: Se non digo que non che quede ben, pero fáiseme raro ir contigo deste xeito. Eu quería que me meteses medo.

ELA: Es masoquista logo? Queres sufrir?

EL: Non é iso?

ELA: Pois aclárate dunha vez que non teño ganas nin tempo.

EL: A botella xa vai de resto. (***Bebe o que lle queda***)

ELA: (***Colléndolle a botella***) Egoísta.

EL: (***Tira coa botella***) Imos?

ELA: Vai indo ti, eu xa te apaño agora.

EL: Non tardes, vou acendendo o coche.

ELA: Descoida, apáñote antes da primeira curva.

EL: (***Abaneando***) Ah! Estou mareado: o licor café de mamá sempre foi levado do demo.

ELA: (***Agarrándoo***) Senta, así non podes coller o coche.

EL: Teño que facelo, chameite, agora non podo botarme atrás.

ELA: É típico botarse atrás no último momento. O instinto é moi poderoso.

EL: Pero eu quero facelo. (***Deixándose levar por ela***)

ELA: (***Acariñándolle a cabeza***) Xa, xa.

EL: Falo en serio, preciso fuxir desta merda de realidade que me rodea.

ELA: Xa o estás facendo, o licor café é infalible.

EL: Axuda, mais (***Érguese de súpeto***) non pode ser! Aquí non! Non podo facelo aquí!

ELA: André levará un gran desgusto.

EL: Si, temos que facelo fóra da casa.

ELA: Non entendo a que vén tanta consideración, se o desgusto vasllo dar igual cando o deixes.

EL: Non é o mesmo. Ollos que non ven... Non o entendes, trátase dunha cuestión de sensibilidade.

ELA: Como con túa nai, é preferible non vela que vela na residencia, non?

EL: A que vén iso? Aquí non podía tela, ela non sabe o de...

ELA: O de André?

EL: Si, o de André.

ELA: Fixeches que Rosa cargara con toda a culpa. Que se enfrontase ela soa a túa nai.

EL: Rosa é máis forte ca min.

ELA: Deberías falar con Rosa.

EL: (***Anoxado***) Es psicóloga, agora? Vai ser mellor que marches, André está a chegar e nestas condicións non dou chegado ao coche.

ELA: Non penso irme, xa cho dixen.

EL: Xa non preciso os teus servizos, arrepíntome. Vaite!

ELA: Non hai volta atrás, cando se me chama.

EL: Fai unha excepción comigo.

ELA: E para iso merquei o batín de cebra.

EL: Foi iso, o batín de cebra o que me botou para atrás. Xa sabes que ese teu estilo non me vai.

ELA: Que estilo?

EL: Xa sabes...

ELA: Parece mentira que esteas tan cargado de estereotipos, ti, precisamente ti, que estarás farto de que te etiqueten.

EL: Non quixen ofenderte.

ELA: Non me ofendes, xa levo visto de todo. A próxima vez veño de traxe chaqueta.

EL: Non, a próxima vez trae a gadaña de meu pai que está alí no cuberto a papar moscas.

ELA: Regálasma?

EL: Pois claro, é o mínimo que podo facer para desculparme.

ELA: Sempre quixen ter unha gadaña auténtica, das de verdade, ben afiada.

EL: En canto vaia á aldea encárgome de afiala. Lembro ben como o facía meu pai os domingos pola mañá debaixo da miña ventá: *pin, pin, pin* petando enriba do cepo.

ELA: Os domingos pola mañá?

EL: Para espertarme e que me fodese por terme deitado tarde o sábado.

ELA: Era simpático teu pai.

EL: Moito, a min facíame unha graza que me partía o cabrón! (***Queda mirando para ela un anaco***) E ti non saberás por onde anda?

ELA: Por onde anda quen?

EL: Meu pai!

ELA: Eu que vou saber.

EL: Estiveches con el non hai moito, non?

ELA: Estiven.

EL: E para onde foi?

ELA: Para onde van todos.

EL: Quero dicir: para o ceo ou para o inferno?

ELA: (***Rindo***) Ai, malpocado, es un inocente. Non pensarás que...

EL: (***Decepcionado***) Non hai nada diso, non?

ELA: Pois non, meu, cada un ten o seu propio ceo e o seu propio inferno aquí e alá.

EL: Vaia, ho! Que desilusión e eu que pensaba que todo iso, ao final, era certo.

ELA: Para algúns é máis fácil pensalo así.

EL: E non podería ir contigo un pouquiño por ver se me gusta e logo volver?

ELA: Pois si que lle cargaba ben á augardente, túa nai.

EL: É un adeus isto, non?

ELA: Un ata logo, máis ben.

EL: Sinto terte feito vir para nada.

ELA: Quedábame de paso, non te preocupes. (***Vaise indo***)

EL: (***Véndoa marchar***) Quédache moi ben o batín.

ELA: Grazas! É asiático, sabes?

EL: Pero non é que non había cebras en Asia?

ELA: Cebras non, pero (***Mira a etiqueta do batín***) aquí pon *Made in China*.

EL: Sabíao.

El recóstase no sofá, ela achégaselle e péchalle os ollos. Faise escuro.

IV

Despedida

Rosa entra por entre o público con tres ramos de flores. O escenario está baleiro, agás tres floreiros en fila. Cando chega, axeónllase e deixa en fila os ramos.

En toda a escena Rosa vai cortando poliñas e axeitando as flores que irá poñendo en cadanseu floreiro.

ROSA: Hoxe fun á casa. Estaba fría, deume arrepíos. (***Axeita un ramo e colócao no primeiro floreiro***) Co que xogabamos alí de nenos, semellabamos felices, Filipe. Nunca tiñas que ter marchado, a ti gustábache aquilo, eras como mamá. A cidade non era o teu. O contenta que tería estado a vella se lle dixeses que quedabas canda ela, co que te quería. A min nunca me quixo, ou igual si, á súa maneira, esa maneira. Non era muller de afectos, desde logo. Nunca lembro que me dese un bico, unha aperta, un aloumiño. A ti non che importaba, ti dábasllos a ela e ela cedía, volvíase de mel, derretíaselle o chumbo que levaba no lombo.

Xa sei, xa sei, Filipe, que ti alí non pintabas nada, naquel ambiente sempre estarías frustrado, rodeado de bosta, de cagadas de galiña. Ti sempre tan artista, tan soñador. Mais, na capital tampouco che foi mellor, faltábache algo. Nunca atopaches o teu lugar.

Vou vender a casa. Era para ti, xa o sabes. Non estando ti, non ten sentido mantela. É vella, non me sinto con forzas para reformala. Para que? Para ir pasar o verán eu soa? Eu na cidade estou ben, non me falta nada, non teño un oco no corazón, como ti tiñas. Cando pense na casa, só quero lembrar os momentos da infancia nos que fuxiamos cara ao río nas tardes de calor, fuxiamos da casa que nos asfixiaba, que nos retiña.

Érguese, colle outro ramo e colócao dentro doutro floreiro.

A papá tampouco nunca lle gustou a casa, verdade, papá? Non che gustaba a casa, porque non a sentías túa, porque era dos sogros e cando os sogros faltaron xa era tarde demais para collerlle afecto. As paredes falábanche, espiábante, nin un pito podías levar á boca sen que te xulgasen. A casa supuraba esterco por todos os recunchos, aínda cando deixou de haber vacas. Pasounos coma os fidalgos do XIX, non nos soubemos adaptar aos novos tempos: casa de campo, con céspede e piscina. Non, nós non podiamos botar céspede, porque había que sementar herba de xoio. Escravos dun tempo que xa morrera antes ca vós. Canto sinto, papá, non terte levado canda min a tomar un café, a facer unha andaina, unha fin de semana en Londres. Canto o sinto, papá. Putas escaleiras! Non foi xusto, aínda che quedaba moito por facer, lonxe da casa.

Érguese de novo e coloca o último ramo no floreiro que queda.

Sei que non me falas, sei que che parece mal que che merque flores, porque non queres nada que veña de min. Non te preocupes, mamá, han ser as últimas en moito tempo. Non penso volver poñer un pé neste cemiterio ata Todos os Santos e, aínda así, terei que pensalo.

Xa non me queda nada aquí, hoxe mesmo lle espichei o letreiro de VÉNDESE á casa, á túa casa. Tamén llo puxen en inglés, FOR SALE, que agora hai moito de fóra, que *flipa* con isto do rural. O pulmón da terra, leiras a esgalla para rascar o cu a rebolos, porque non valen para outra cousa, mamá, non valen para outra cousa. Pagar a contribución, como ti dicías. E aínda che poden meter unha multa por deixalas de monte. As putas veigas de monte, mamá. E os piñeiros comidos do becho derramados polo chan, como almas en pena, como seres inadaptados, coma ti. Rumorosos que falan para que ninguén os escoite, porque xa non hai vates, miña nai, xa non hai vates que entendan o rumor da terra.

Sóalle o móbil.

Si, quen é? (...) Claro, por suposto, estou aquí mesmiño. (...) Déame 10 minutos e xa lla ensino. (***Colga***)

Xa está, xa teño un comprador. Tereivos informados. Cos cartos hei pagar a hipoteca do piso e igual me dá para algunha viaxe. Mágoa non poder levarte comigo de viaxe, papá, mágoa. Putas escaleiras. Puta casa.

Filipe, déixote ben acompañado, penso que era o que querías, aínda que nunca falamos disto. Cos nosos anos, nunca se pensa. Ben, ti si, supoño. Imaxino que o terías ben argallado e as túas razóns terías tamén, non te culpo. Puidéchesme ter contado algo, pero claro, tamén estabas medio de morros por ter levado a mamá á residencia. Síntoo, irmán, eu non tiña afán de enfermeira, enterrada de por vida, como ela tivo cos seus pais. A residencia foi a mellor solución. Tamén puideches levala ti co André, que seguro que lle pareceu unha idea caralluda o de vivir coa sogra, seguro que si, por iso recuaches. Non pasa nada, Filipe, descansa, non che gardo rancor por todo o que me dixeches, nin o que non me dixeches. Non estabas en ti.

Mamá, voume, xa che contarei canto me deron pola casa. Vai estar en boas mans, xente fina, de Vigo. Quedará preciosa, xa o verás: piscina, céspede e un bambán colgado da figueira. Eu sempre quixen ter un bambán colgado na figueira, pero nunca houbo tempo, un día polo outro e aquí estamos os catro, máis unidos ca nunca. Para sempre.

Saca unha vela do bolso e préndea. Póusaa no chan, a carón dos floreiros e vaise.

Escurecemos a escena e tan só fica o pequeno latexo da candea.

Soa* I Dreamed a Dream *(na voz de Susan Boyle) e volve a luz con Rosa, que se pon a recoller a escena e deixa todo baleiro.